

RÚA extcénica

IX Festival de artes escénicas na rúa

Oleiros, do 11 ao 13
de xullo de 2025

Concello de



Oleiros



► Venres 11 xullo

ás 20.00 h: Back 2 Classics / “Planeta trampolí” (circo-cama elástica)

Parque do Emigrante (Santa Cruz)

Autoría: Ángel de Miguel García. **Dirección:** Planeta Trampolí. **Elenco:** Ángel de Miguel García.

Procedencia: Cataluña. **Destinatarios:** Todos os públicos. **Duración:** 40 minutos

Sinopse: Un espectáculo de cama elástica fresco, cercano e íntimo para toda a familia onde o circo máis clásico se fusiona con culturas urbanas mediante o baile, a música e a arte do turntablism (scratch con discos de vinilo). Unha proposta onde a cama elástica toma vida propia entre as tolerias e as acrobacias do seu protagonista. Unha viaxe cheo de humor ao pasado que máis nos enamora.

ás 21.00 h: Carpa diem / “Dolce Salato” (mástil chino, monociclo, clown).

Premio Otello Sarzi 2020. Praza Esther Pita (Santa Cruz)

Autoría: Cía. Circo Carpa Diem. **Dirección:** Katharina Gruener y Luca Sartor. **Elenco:** Katharina Gruener y Luca Sartor. **Procedencia:** Italia. **Destinatarios:** Todos os públicos. **Duración:** 40 minutos

Sinopse: Unha parella de panadeiros, un libro de receitas e discrepancias na cociña. Un ritmo enérxico que nos levará a un ambiente tan familiar como inusual onde os ingredientes, seleccionados cuidadosamente e amasados de forma excéntrica, crearán un succulento pan. Dous panadeiros que nos sorprenderán a golpe de acrobacia de chan e voando encima do mástil chino, en equilibrio co monociclo e con manipulacións improbables, para un espectáculo ao alcance de todos. Que aproveite!”

► Sábado 12 xullo

ás 20.00 h: Pedras de Cartón / “Moby Dick” (Teatro de rúa)

Parque José Martí (Santa Cristina)

Autoría: Juan Rodríguez sobre o texto de Herman Melville. **Dirección:** Juan Rodríguez. **Elenco:** Juan Rodríguez. **Procedencia:** Galicia. **Destinatarios:** Público familiar (+ 4 anos). **Duración:** 40 minutos

Sinopse: Moby Dick é unha proposta de teatro para público familiar creado a partir da afamada novela de Herman Melville que xoga co figurado gran cachalote protagonista da novela, un monicreque de tres metros creado polo titiriterio Iker Pérez. Moby Dick conta a historia de Ismael, un mozo que decide embarcar nun baleeiro no que vivirá unha morea de perigosas aventuras.

ás 21.15 h: Eladio y los Seres Queridos. Concerto. Praza afundida (Santa Cristina)

Procedencia: Galicia. **Destinatarios:** Todos os públicos. **Elenco:** David Outumuro (batería e percusións), Oscar Durán “Uka” (baixo), Adrián Blanco (teclados, sintetizadores e fx) e Eladio Santos (voz, guitarras eléctricas e acústicas).

Eladio y los Seres Queridos son, a día de hoxe, unha das bandas máis estables do panorama musical español. O seu talento foi recoñecido en diversas ocasións, proclamándose gañadores do Premio Martín Códax da Música Galega ao Mellor Grupo Indie/Pop en 2013 e 2018 e Premio MIN de la Música Independiente 2017 ao Mellor álbum en galego por Cantares (2016).

IX Festival de artes escénicas na Rúa

► Domingo 13 de xullo

ás 12.30 horas: A Gramola Gominola / “As que máis molan da Gramola” (música infantil).

Praza da Lagoa (Mera)

Elenco: Paco Cerdeira (Pakolas), Paula Romero, Anxelo de Xermar e Rodrigo Muñoz. **Procedencia:** Galicia. **Destinatarios:** Público familiar. **Duración:** 60 minutos.

Sinopse: A Gramola Gominola é unha banda de auténtico Rock&Roll en galego para público cativo. Eles son Paco Cerdeira (Pakolas, Zénzar), Paula Romero (De Vacas, banda de Guadi Galego, Coro Encaixe), Anxelo de Xermar (Festicultores Troupe) e Rodrigo Muñoz (S4N7, Nebra, Wealman). O grupo naceu no ano 2015 e dende entón deron centos de concertos poñendo ao público en pé cos cornos en man! GORXAS, CORNOS e CRISTAS PREPARADAS!

ás 20.00 h: N + 1 Cía. e Cuarteto Alicerce / “Divertimento” (clown-música)

Praza Esther Pita (Santa Cruz)

Autoría: N+1 & Cuarteto Alicerce. **Dirección:** Alfredo Pérez Muíño (Fredí). **Elenco:** Alfredo Pérez Muíño “Fredí” (actor físico), Jorge Montes (violín), Roberto Santamarina (violín), María José Pámpano (viola) e Carlos García Amigo (cello). **Procedencia:** Galicia. **Destinatarios:** Público familiar. **Duración:** 40 minutos

Sinopse: Espectáculo sen palabras no que a música de Mozart condúcenos en clave de clown polas relacións humanas, poñendo en valor as diferencias como unha oportunidade para medrar dende o grupo. Un cuarteto de cordas acepta un novo membro para unha representación sen saber que o invitado non posúe as mesmas cualidades e calidades como intérprete. O que nun principio provoca rexeitamento e xuízo de cara o novo compoñente muda en empatía e transixencia, acompañandoo nas súas penurias para que a relación evolua cara a tolerancia, aceptación e incluso que poda modificar a relación entre eles, favorecendo a comunicación, xerando unha nova harmonía e permitíndolles rir dos protocolos arcaicos e da aparente excelencia que rodea á música clásica.



RÚA *ext* cénica

Prazas, xardíns, paseos e outros espazos públicos singulares do concello servirán de escenario para artistas e compañías das máis variadas procedencias e disciplinas: música, circo, teatro de rúa... que intentarán transformar a rúa nun escenario propicio onde provocar a interacción social co público asistente nun ambiente festivo.

Para público familiar e adulto.

Entrada de balde.

Venres ▶ **20.00 horas:** Back 2 Classics. *“Planeta trampolí”*
11 de xullo (*circo-cama elástica*). Parque do Emigrante (Sta. Cruz)

21.00 horas: Carpa Diem. *“Dolce Salato”*
(*mástil chino, monociclo, clown*). Praza Esther Pita (Sta. Cruz)

Sábado ▶ **20.00 horas:** Pedras de Cartón. *“Moby Dick”*
12 de xullo (*teatro de rúa*). Parque José Martí (Sta. Cristina)

21.15 horas: Eladio y los Seres Queridos
(*concerto*). Praza afundida (Sta. Cristina)

Domingo ▶ **12.30 horas:** A Gramola Gominola.
13 de xullo *“As que máis molan da gramola”* (*música infantil*).
Praza da Lagoa (Mera)

20.00 horas: N+1 Cía e Cuarteto Alicerce.
“Divertimento!” (*clown, música*).
Praza Esther Pita (Sta. Cruz)